

## **PREGUNTA DE AER SOBRE A ESTACIÓN DOS EIDOS**

PLENO 31 MARZO 2015. ACTA 06/2015

No pleno ordinario de xaneiro (29 /01/ 2015). Fixemos a seguinte pregunta:

*Miguel Ángel Álvarez, xustifica a importancia deste proxecto ao tratarse dunha das zonas do centro urbano con maior densidade de poboación tras a construción de varios bloques de edificios nos últimos anos, nos que tamén se produciu un incremento da intensidade do tráfico, que se agravará coa posta en servizo da nova estación da AVE. "Trátase dunha rúa que se ha ir urbanizando por tramos e agora é necesaria unha actuación para completar os servizos", explica.*

Despois de ler esta declaración na prensa, podería dicirnos que tipo de trens e con que frecuencia van a ter parada na estación dos Eidos?

O concelleiro ÁLVAREZ BALLESTEROS di que non entende moito a pregunta, posto que non sabe cómo vai funcionar a estación."

Visto que na prensa do luns 30/03/2015 anúnciase o estreo da liña do AVE que atravesa a nosa vila e que o concelleiro que respondeu á pregunta de AER non entendeu a pregunta que formulamos, preguntámoslle ao alcalde:

**Saben que tipo de trens (larga distancia, media distancia, proximidade, alta velocidade.) e con que frecuencia (cantos trens pararían na estación dos Eidos o longo do día) van a dar servizo nesta estación?**

\* Entre paréntese aclaracións por se caso non entenden a pregunta

*O concelleiro ALVAREZ BALLESTEROS di que siguen sen ter datos sobre a cuestión.*